Marcos Pérez Pena Texto

A Historia pecha feridas

Non é a memoria a que produce a historia, senón a historia a que produce a memoria. Tan só a investigación e o coñecemento poden levar a dignidade ás vítimas da guerra civil e a ditadura e permitir unha xustiza restitutiva e unha reconciliación que a Transición non trouxo.

Na última década asistimos en España a unha confrontación de memorias ao redor da guerra civil e a represión exercida pola ditadura franquista, o que imposibilitou a consolidación dunha memoria compartida. A loita política e o enfrontamento mediático pasaron por riba das investigacións da historiografía, que reclama o papel protagonista que lle corresponde. O *Coloquio Internacional sobre Memoria da guerra, reconciliación e cultura de paz* reuniu en Compostela, no marco do Foro 2010, algúns dos máis recoñecidos especialistas nos procesos de guerra, posguerra e reconciliación.

En España o pasado non quere pasar. Como afirmou Pedro Ruíz Torres, da Universidade de Valencia, dificilmente pode darse unha reconciliación con decenas de miles de asasinados e desaparecidos e centos de fosas comúns sen abrir nos piñeirais e gabias do país. A dor procede da impunidade legal e simbólica da que gozan os crimes e criminais do réxime franquista, unha dor e un sentimento de derrota que se foron transmitindo de xeración en xeración. Grupos de psicólogos detectaron a persistencia do trauma da represión franquista até os bisnetos, en boa medida por ter condenado estas familias ao esquecemento *por decreto*. Segundo estes investigadores, o peor que lle pode pasar a unha persoa traumatizada é non poder expresar a súa dor, "silenciar a dor -dinsupón reproducila". "Como reconciliar o dereito a coñecer e o dereito a esquecer?", pregúntase Julián Casanova, da Universidade de Zaragoza, apuntando que en calquera caso "o dereito a esquecer pode ser privado, pero non colectivo".





Dificilmente pode darse unha reconciliación con centos de fosas comúns sen abrir nos piñeirais e gabias do país. A dor procede da impunidade legal e simbólica da que gozan os criminais do réxime franquista.



O estudo da guerra civil e a ditadura atravesou catro etapas. A primeira, nos inicios da Transición, estivo dominada polas memorias e non pola historiografía, pola lembranza e non pola interpretación. A segunda, nos anos oitenta, revisou a historia franquista, a historia impúxose ao recordo e marcou a visión actual. Nunha terceira, a finais dos noventa, aparece de forma moi tardía o concepto de memoria, nun claro mimetismo con experiencias de fóra. Finalmente, na fase actual hai un predominio do recordo e da subxectividade e a opinión, algo aproveitado polos medios, que lles comeron o terreo aos historiadores. Algúns, como Javier Rodrigo, piden "non confundir os planos de investigación histórica, os que lle afectan á xustiza, á legalidade, e os que son políticos". Piden igualmente non confundir os conceptos de xustiza restitutiva e xustiza punitiva, imposible na maior parte dos casos. O punto de inflexión foi o verán do ano 2000, cos primeiros traballos de exhumación de foxas comúns no Bierzo. Até ese momento falábase de batallas e conmemoracións, e a partir de aí comeza a falarse de vítimas e de desequilibrio de relatos.

A reconciliación segue pendente porque durante trinta anos de democracia, por medo ou precaución, non se fixo o axuste de contas co pasado; pídese unha ruptura co franquismo que a Transición foi incapaz de traer. "Quizais fomos moi optimistas ao pensar que para resolver o problema abondaba co desenvolvemento económico e unha serie de actos de vontade", conclúe Ruíz Torres. Na conferencia que inaugurou o coloquio, o profesor Nicolás Sánchez Albornoz denunciou que hai "moitos elementos da xudicatura" que se opoñen a que se investigue a memoria histórica española, o mesmo que "algúns partidos políticos españois". Segundo o profesor Casanova, "a sensibilidade civil democrática tería que ter un pacto ao redor destes temas, pero aquí depende de quen goberna e iso é moi fráxil".

Tratouse tamén a escaseza de estudos sobre a represión exercida en América polos colonizadores españois. Andrés Stucki, da Universidade de Berna, salientou a imaxe benévola do colonialismo español como achegador de modernidade e civilización, que prevaleceu durante a ditadura e que continuou na celebración do quinto centenario. Para Stucki, esta imaxe constitúe un substituto do imperio perdido e encobre a dominación económica das multinacionais españolas. A este respecto Manuel Loff, da Universidade do Porto, salientou que esta imaxe benévola mantense mesmo en Portugal, a pesar da revolución de 1974, e que só agora comeza a apa-



Tratouse tamén a escaseza de estudos sobre a represión exercida en América polos colonizadores españois. Andrés Stucki, da Universidade de Berna, salientou a imaxe benévola do colonialismo como achegador de modernidade e civilización.

recer algún estudo sobre a violencia do exército e dos colonos sobre a poboación africana.

Walter Benjamin escribiu que "é preciso esforzarse por arrincar a tradición ao conformismo que está a piques de asoballala. Só ten dereito a acender no pasado a faísca da esperanza aquel historiador traspasado pola idea de que nin sequera os mortos estarán a salvo do inimigo se este vence. E este inimigo non deixou de vencer". No coloquio debatéronse os conceptos da neutralidade e o compromiso da investigación histórica. En opinión de Javier Rodrigo, "a boa historiografía ten un compromiso coa complexidade do pasado, co rexeitamento dos maniqueísmos e as visións simplificadoras".

Lourenzo Fernández Prieto, director do proxecto *Nomes e Voces* da USC e organizador do coloquio, salientou que o estudo da historia pode ser un instrumento de "reconciliación", e que a "ignorancia forzada non pecha as feridas". Non é a memoria a que produce a historia, senón a historia a que produce a memoria. Como afirmou Ruíz Torres, "non hai historia sen memoria. Pero é o uso público da historia, que faga ver o contexto e nos devolva a complexidade dos feitos, o que nos pode axudar a construír unha memoria pública para un futuro mellor". A este respecto, a profesora Ángela Cenarro defendeu que "non hai que construír unha memoria, senón un marco no que convivan distintas memorias" e Conxita Mir, da Universidade de Lleida, puxo como exemplo o Memorial construído na cidade catalá, no que se homenaxea tanto ás vítimas da represión fascista coma da represión republicana. O profesor José Carlos Bermejo introduciu a diferenciación entre os consellos de guerra franquistas, ilegais pero amparados pola lei de amnistía de 1976, e os milleiros de mortos producidos pola represión á marxe da lei franquista, que son delitos que non prescriben e deberían ser investigados e xulgados.

A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

FAS MÁIS FALTA QUE NUNCA!

www.amesanl.org

asóciate!